

O voo da curuxa¹

É no ocaso cando
levanta o voo a curuxa.

A terra esgázase para acompañala,
e dela asoman - clamantes- as mans dos mortos
e críspanse os dedos, ósos fumarentos enmagrecidos,
ao escapar de todas as palabras.

Os discursos afogan aos paxaros co seu fedor insoportable,
comprimen o espazo e
espremen a materia ata esmagarnos
como lixo compactado por máquinas eternas.

A linguaxe é mera mercadoría fabricada por voitres perfumados
para adormentar para conquistar para manipular
aos bos cidadáns, cans obedientes que lamben con amor os seus propios ouriños.
A linguaxe é unha cháchara baleira, un obxecto de consumo,
un excremento que branquea os sepulcros despois de construílos,
unha ferramenta que non vale nada porque serve para todo.

Todas as cacatúas do universo todo falan sen parar
para uns oídos que deixaron de escoitar
desde o instante mesmo
en que a serpe empezou a reptar polos nosos ósos descarnados.

Co seu ruído retorto arríncannos
o alento da luz
e murchan a tea da araña
antes de que abrolle a alba.

Co seu peso metálico
asfixian calquera palabra verdadeira,
devoran, como vermes fementos, todos os silencios,
e deixan apenas
unha físgoa
de esperanza
no voo crepuscular da curuxa.

¹ Este texto foi publicado orixinalmente no blogue [Abrentes](http://abrentes.com), 4 de novembro, 2018. Está suxeito á licenza Recoñecemento-CompartirIgual 4.0 Internacional de Creative Commons. Para ver unha copia desta licenza, visite <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>